El confinamiento, por otra parte, implica una pérdida fenomenológica de la libertad y en ocasiones se presenta como medida de una “dictadura sanitaria”. Pero podemos pensarlo como otra experiencia de libertad, solidaria y democrática, donde la comunidad es cuidada por mí. Una experiencia ética de una nueva libertad colectiva que se enfrenta en la pandemia a una concepción de la libertad individual en que cada uno puede hacer lo que desea sin que juegue papel la consideración del “otro”. Una versión neoliberal de la libertad como propiedad individual queda cuestionada éticamente por la pandemia con el confinamiento.

Esta experiencia de libertad nueva nos liga al otro: solidaridad, fraternidad... (una cuestión de debate sin duda; por ej. Giorgio Agamben abandera una posición contraria desde Foucault).

El 2º tipo de angustia es la depresiva: el COVID produce muerte y es una muerte colectiva, donde disminuye la identidad, la singularidad, y surge el número. Además no se trata en principio (o no sólo) de la posibilidad de muerte de “los míos”, es la mirada de la muerte del mundo que conocemos, de “nuestro mundo” y su cotidinidad. Es también la muerte como número diario que borra el nombre. La muerte como algo cuantitativo y abrumador quiebra la singularidad, la muerte sin humanidad, deshumanizada.

Esta angustia depresiva no se inscribe en una pérdida concreta (un trabajo, un amor, un ser querido...) cuya existencia se inscribe en un pasado más o menos reciente, sino que esta angustia depresiva de la pandemia en un sentido sustantivo se inscribe en el futuro, pues el objeto perdido es el mundo que conocemos y que ya no volverá a ser. Así se produce una colonización paradójica: tenemos lo real de algo que acaba, pero sin representación de su pérdida. El Covid supone una experiencia de lo inimaginable. Por esto precisamos convivir con la imagen y por ello el poder terapéutico de lo virtual.

El tercer tipo de angustia es la de la convivencia y guarda relación con un 2º tiempo de la pandemia. Supone una concepción ingenua o infantil, simplista, de la “sanificación”, de la cura colectiva, como una superación del tiempo-1 de la pandemia, el tiempo de la infección. Pero esa superación es irreal, porque estamos obligados a convivir con la infección mientras ésta se afronta con las vacunas y sus etapas y prioridades sucesivas. No cabe una progresión completa hasta la eliminación total, sino que hemos de convivir con el virus y su infección. Así que el tiempo-2 no es el de la superación hasta la aniquilación, sino el de revivir continuamente el tiempo-1, el de la infección. Se hace preciso por tanto realizar el trabajo psíquico de la integración de ambos tiempos y, desde ahí, abrirse al “otro” buscando la condensación de la intensidad del “encuentro” comunicativo, como el arte puede ser efecto de la sublimación de una herida (el “Gernica” de Picasso, por ej.), creando una forma nueva.

Este sería un afrontamiento sano, funcional, de esta 3ª angustia, que por sí misma genera una desoladora confusión: la plasticidad funcional de lo psíquico, que permite la elaboración de duelo frente a la fijación estereotipada y traumática. Conviene aquí decir que siempre tenemos un resto psíquico del impacto emocional que nos conecta con éste, pero que no nos ata si se trata de un resto que ha pasado una elaboración que nos lleva a la vida.

La 4ª angustia: la de la recidiva. Su efecto el “negacionismo” como represión de la existencia del mal, de la infección: la vida entonces se afirma aquí como manifestación de la falta del límite, es decir, como un todo magnético vida/muerte/vida/muerte... La 3ª ola de la pandemia nos lleva a la vivencia de una nueva “caída” en el vacío en que la defensa de la angustia es negar, comportarse como si el parámetro de realidad no existiera o fuera

ridículo, amputando así nuestra percepción y convirtiéndola en disfuncionante tanto para nosotros como para los “otros”. Negar el límite de nuestra vida, abandonar el cuidado del “otro”, vivir una omnipotencia narcisística psicopática. Negar la vuelta del virus para evitar el sufrimiento del vacío. La presencia afectiva y relacional del otro significativo aquí resulta central para afrontar esta angustia.

La 5ª angustia es la conspiranoica. Su naturaleza es parcialmente diferente a las cuatro anteriores y de hecho se experimenta de manera menos generalizada en la población, aunque con presencia significativa. Supone vivir una omnipotencia narcisística desarrollando, desde una definición imaginaria de condición heróico/victimaria, una acusación psicopática y paranoica: grandes poderes invisibles serían agresores propagadores del daño, por lo que habría que desarrollar, junto a campañas movilizadoras contra los datos y cuidados que aporta el conocimiento científico, comportamientos de abandono del autocuidado responsable y de cuidado del otro desde un ejercicio de negación de los propios límites vitales, convirtiendo pragmáticamente el cuidado del otro en un abandono/manipulación.

La pandemia del COVID19 ha venido a generar una crisis tan imprevista como planetaria. Una crisis que revela de nuevo nuestra interdependencia en un mundo donde el pensamiento y las estrategias compartimentados son dominantes. La pandemia nos dice que esta interdependencia puede dar lugar a una respuesta colectiva de la solidaridad humana en la conciencia de nuestro inevitable destino común, tomando como elementos centrales aquellos que resultan estar más oscurecidos, menos visibilizados. Esta oscuridad, en sí misma, es un riesgo para superar la crisis, por lo que resulta indispensable la reflexión, la mirada de la complejidad y de la contextualización.

La OMS ha publicado orientaciones destinadas a los países sobre el mantenimiento de los servicios esenciales, incluidos de manera destacada los servicios de salud mental, durante la COVID-19. Recomienda asignar recursos a la atención de la salud mental en el marco de sus planes de respuesta y recuperación. La Organización también insta a los países a que controlen los cambios y las perturbaciones que se registren en los servicios, de tal modo que puedan reaccionar cuando sea necesario. Hagamos seguimiento de ello en nuestro país. Promovamos entre nuestros gobernantes acciones

en Salud Mental e impulsos de acción global en esta crisis que parece condensar y poner de manifiesto de manera singular la policrisis mundial que es contexto de la pandemia COVID-19.

No aceptemos el olvido, la invisibilización, de los sectores de población “desechables” (Judith Butler): prestemos una atención colectiva solidaria, aguzando la mirada y la escucha responsable con “el otro” (y “la otra”).

Podemos los profesionales de la SM pensar de manera compleja y propiciar acciones y Programas de autocuidado como atención preventiva, especialmente para los profesionales de ayuda a seres humanos y específicamente sanitarios de primera línea de atención, que están en situación de riesgo.

Olor a café... un paseo polo hospital de Piñor

Zoraida González Cornide

Residente de psicoloxía clínica. A Coruña

*Que dirían Alma e Curro se puideran falar?
...aínda que non lles fai falta.*

Nun paseo polo hospital psiquiátrico de Piñor, en Ourense, puidemos cruzarnos coa psicose, mirala, escoitala e camiñar con ela.

A psicose –ou loucura– é unha configuración específica da subxectividade da persoa, caracterizada polo fracaso do desexo, a fragmentación da linguaxe e o consecuente compromiso da identidade. Acompáñase da experiencia de angustia, de certa dificultade nas relacións interpersoais e dunha clínica protagonizada pola aparición de síntomas psicóticos. Pode iniciarse ante un feito continxente na vida que confronta ao psicótico coa ausencia duns cimentos firmes, aínda que moitas veces hai indicios previos a unha ruptura máis abrupta. A loucura inscríbese na historia da subxectividade e os seus síntomas teñen un sentido único e persoal ao formar parte da biografía de quen os sofre.

Para entrar no mundo do desexo e da linguaxe, así como no mundo social, é necesario o establecemento dun vínculo de apego seguro, que combine o afecto e a protección coa distancia e a decepción, mostrándonos que o outro é distinto de nós e que ten outros desexos. Cando este proceso fracasa (“forclusión”), a pulsión toma o control coa finalidade de buscar a satisfacción do eu; pero, como dicía Freud, vai “máis alá do pracer”, moito máis alá, ata unha mestura de satisfacción e malestar que Lacan chamou “goce”. Neste caldo de cultivo xorde a angustia psicótica, que non pode nomearse –non é simbólica– e só pode representarse a través dos síntomas. A angustia leva asociada a tristeza e a melancolía, que fiando máis fino poderían chamarse “soidade”,

“baleiro”, “silencio”, “inactividade”... (infinitos e insondables na psicose).

Xeralmente a linguaxe outórgalle sentido ao mundo e conforma a identidade e o esquema corporal. A unión do significado (contido da linguaxe) co significante (soporte material, palabra) é o que posibilita a práctica lingüística. No caso das psicoses, a linguaxe fracasa, o significante emancípase da semántica e deixa de servir para a representación: as palabras pasan a ter un significado unívoco e exacto ou, pola contra, a referirse a unha multiplicidade imprecisa imposible de abarcar. Segundo a metáfora de Lacan no Seminario 3 *Las Psicosis*, a rede significante é como unha estrada que asegura por onde ir, e cando falta hai que camiñar polas beiras, por onde cada un pode. Recórdame isto á etimoloxía do latín *delirare*, que significa “saírse do rego labrado”.

Coa ruptura lingüística desaparece a confianza e a familiaridade que nos une ao mundo e sentímonos “estranxeiros de nós mesmos”. Ante esta falta de sentido, aparece un período inicial de desconcerto e perplexidade e emerxen os chamados automatismos mentais que –aínda que baleiros de contido– son sempre intencionais e autorreferenciais. Así, o psicótico só consegue representar o mundo de forma indirecta mediante as manifestacións psicopatolóxicas, sexan negativas –mostra do baleiro simbólico na estrutura subxectiva– ou positivas –derivadas do esforzo para reconstruír de novo a realidade e facela soportable.

O corpo é o organismo da natureza da linguaxe co que mantemos o diálogo máis íntimo. A primeira fase de estruturación do corpo implica recoñecer a propia imaxe e a unidade corporal, o que require do sostén do outro (con maiúsculas para Lacan). Cando este proceso se entorpece, aparecen fenómenos como a disociación somatopsíquica, cunha desintegración do corpo paralela á da realidade: algúns senten que o corpo os abandona e se volve alleo, outros que algunha parte do mesmo se volve estraña.

Fronte a unha concepción patoloxizadora e deficitaria da loucura, unha das grandes aportacións de Freud á clínica foi a consideración da función protectora do síntoma, como unha defensa. Fixo fincapé en que os síntomas psicóticos non son unicamente indicadores de que algo non vai ben, senón que se crean como intento de reconstrución e restablecemento, como solución a algo máis enfermo e insoportable. Deste xeito, emerxen como unha necesidade para o suxeito desde o punto de vista subxectivo. Existe resistencia

a abandonar os síntomas, aínda que sexan molestos, porque neles o suxeito obtén certa satisfacción ambivalente: “Danan, pero á vez suxeitan”. A desgarradora frase de Jacques Rousseau dá mostra de que o delirio é preferible á nada ou á morte: “O delirio fíxome perder a razón en vez de a vida”.

O delirio é unha idea con cariz de certeza que aporta un novo significado persoal ao que sucede, unha explicación á experiencia de angustia, que lle axuda ao suxeito a estabilizarse. A diferenza do que se adoita considerar, o delirio non se define por ser falso, estraño, irreal, imposible ou absurdo; senón por tratarse dun intento de restablecemento necesario para tapar algo carencial. Involucra responsabilidade, traballo persoal –de ensaio-erro– e inversión de tempo por parte da persoa na busca dunha resposta que a alivie. Concíbese como unha linguaxe propia, independente e unívoca –ao igual que a matemática– que non está feita para articularse co resto do discurso nin para dialogar cos demais.

Unha das características que asociamos ao delirio é a de certeza, ata o punto de que ás veces a loucura é definida como unha irrupción irrefreable da verdade. Como xa dicía Nietzsche, “non é a dúbida, senón a certeza, a que fai tolos aos homes”. Refírese ao apego especial que o delirante mostra cara a esa idea que toma como verdade, con significación persoal e inimiga do azar. A certeza das ideas delirantes pode entenderse desde o punto de vista da defensa; sendo o seu grao de convicción proporcional ao “tanto” de baleiro que tapan. Esta característica tamén abrangue o feito de que o delirio organiza toda a vida do suxeito e o afasta do lazo social condenándoo a unha soidade radical –o que Alcuaz denomina “delirio sen interlocutor”–. Ilústranos nisto o xenio John Nash: “Sentíame como un profeta, só, no medio do deserto, cunha verdade transcendente que transmitir e sen ninguén con quen falar”.

As voces ou alucinacións auditivas tamén son manifestacións sintomatolóxicas na psicose, derivadas das alteracións na linguaxe, máis que da percepción. Aparecen de forma pasiva e automática e, polo menos inicialmente, son inefables –de difícil descrición–, alusivas e, as máis das veces, inxuriosas. Máis tarde poden envolverse cun delirio e adquirir un sentido narrativo, chegando a adaptalas a unha especie de diálogo que, pese á súa hostilidade, non deixa de ser un acompañante fronte á soidade do psicótico. Sintetizan ben bonito isto Laura Martín e Fernando Colina cando din que “ante o ruído e desconcerto

provocados polo automatismo mental, a alucinación é a música e a idea delirante é a letra dunha canción que, de chegar a compoñerse, resoa no delirio”. A propósito da música, é un recurso moi empregado para suavizar a experiencia alucinatoria, e para moitas cousas máis.

Desde esta óptica, apóstase polo trato (tratar con) fronte ao do tratamento (tratar a). A función terapéutica estriba non só en “atender” os síntomas, reducíndoos a fenómenos patolóxicos que hai que eliminar, senón tamén en prestarlles atención. Tan importante é corrixilos se danan en exceso, como respectalos cando supoñen un recurso para paliar un malestar mental demasiado intenso. En ocasións a mellor práctica consiste en acompañar sen interferir na propia capacidade de autotratamento do enfermo. Noutras, podemos incluso colaborar para que o psicótico potencie e regule os síntomas, de forma que manteña a súa propiedade protectora da angustia. A nivel clínico isto obriga a preguntarse (e sobre todo preguntar –sen dar por feito–) se convén “quitar” os síntomas para que a persoa tome conciencia do seu estado. Pois, ás veces, é mellor ser unha enviada de Deus ca ser esquizofrénica. Sabemos que o tratamento dos síntomas, a falta doutros soportes alternativos, pode ter como consecuencia a anulación do suxeito e a caída na melancolía. “Ao tolo a pouco que lle quiten, quítanlle todo”, Fernando Colina.

Non se pode desestimar que moitos suxeitos sofren cos síntomas psicóticos e por iso é necesario reducir ese malestar cos recursos cos que contamos. As grandes defensas teñen o risco potencial de converterse en malas solucións se gobernan toda a existencia do suxeito e o illan en soidade. Así é que os síntomas “a unhas doses salvan e a outras matan”.

Véñeme á cabeza M., o “xefe do hospital”, agarimoso e “hospitalario”. A simple vista pode parecer a viva imaxe diso que socialmente imaxinamos cando pensamos nun “hospital psiquiátrico” –longo pelo e longas barbas, un chisco estrafalario–. Alegrábanos as mañás co seu sorriso de “buenos días”, preocupábase de que organizásemos ben as nosas vacacións e dábanos permiso para saír a tomar un café ou a comer. Era un aprecio mutuo que chegou ata o punto de ofrecernos un contrato para que non marcháramos –contrato que pouco máis e aceptamos dada a súa “realidade” e tenrura–. Ata custa só pensar en “quitarlle” o seu delirio a unha persoa que non ten nada máis –ningún apoio, ningún recurso, nada fóra– e que, deste xeito, alí teno “todo”.

Tamén outro paciente, M., con alucinacións auditivas que describe como voces agudas que o molestan, moléstano moito. No seu caso nunca chegou a configurarse un delirio que lle permita dar unha explicación ao que lle ocorre e reducir así a angustia. Cando digo “angustia” penso en como describir a que percibín nel. Canta angustia. Quizais é iso que José María Álvarez denomina como un estado de irresolución insoportable. M. só compartía esta angustia co seu benquerido doutor, supoño que no medio diso que chaman “transferencia”. Manifestábaa a modo de dúbida, de eterna dúbida, respecto do seu estado (“¿Que me pasa?”), así como de demandas de curación (“Dáme algo que me cure”). Repito, canta angustia. Contáronme sobre el que, noutros momentos, cando as voces se reducían, entraba en contacto con algo que el mesmo describía como “baleiro”, algo que non podía soportar. Así, un pouco “entre a espada e a parede”, neste caso o tratamento consistía en buscar o equilibrio entre “quitar” un pouco as alucinacións que tanto o molestaban, sen destapar por completo ese baleiro que era insoportable para el. Probablemente tamén en acompañalo de forma comprometida e agardar a que lograrse construír un delirio.

Desde esta perspectiva, as crises non son sempre indicativas de empeoramento na evolución do suxeito. Como alí puiden ver, hai ocasións nas cales un reingreso, a diferenza do que podería pensarse a simple –moi simple– vista, é un indicador de melloría brutal, é unha solución diferente, unha petición de axuda sumamente sa cando substitúe a actos como un intento autolítico ou unha autoagresión; nada máis nin nada menos. Este cambio cualitativo tan impresionante vai mediado por un intenso e comprometido traballo de acompañamento e de coidado, ¿será iso que chaman “transferencia”?

Aínda que comunmente asociamos a psicose con fenómenos como os delirios e as alucinacións –non sei se por máis estudados, máis salientes, ou ambas– descubríñ que os síntomas negativos son tremendamente incapacitantes. A loucura illa cada suxeito nunha penumbra de soidade, apatía e inactividade, nunha atmosfera de ensimesmamento. Os psicóticos tenden a esconderse e a evitar o contacto cos outros. Desde a nosa mirada, vémoslos apagados, pousados –e pausados–, encerrados coas portas do hospital abertas. Incluso cando comparten espazos no hospital, estar xuntos non garante o vínculo. Como dicía Jacques-Allain Miller, “cada tolo no seu mundo”, e co seu tema.

Un dos principais retos terapéuticos na psicose, ao que Fernando Colina ben denomina “non intervención”, é atopar o equilibrio entre respectar a inactividade e promover a acción.

A nosa proclividade inicial cara a “facer” parte da propia angustia que xera a paralización da psicose. É importante velo e enténdelo porque, si, dan ganas de coller o volante para reconducir a vida doutro (“Quero e creo que sei como axudarche”). É entón cando nos temos que dicir a nós mesmos: “Frea, frea. Igual non pode ou non quere. Igual tampouco sabes”. Ás veces, como no meu caso, temos a sorte de ter alguén ao lado que nolo diga.

Debemos intentar axudarlle á persoa priorizando a súa autonomía e liberdade e renunciando ao afán de “salvar” ou de coller nós o volante. Ás veces convén pensar que non todo é curable ou tratable, o que porén non pode levarnos a desentendernos abrigados no pesimismo terapéutico. A cuestión, máis ben, radica en adoptar unha actitude de espera e de acompañamento da capacidade reconstrutiva da persoa –actitude necesariamente comprometida–, que permita a ambos divisar o que quere, á par que responsabilizarse e comprometerse. Isto que Colina considera un “arte” evita a excesiva patoloxización dos problemas e frea a tendencia ao intervencionismo e proactividade desmesurados. Cómpre non perder de vista que o principal e o máis difícil ante un paciente é non prexudicalo: *primun non nocere*.

É fundamental non caer no asistencialismo que pode levar a unha resposta obediente ante unha actividade que se vive como imposta. Ata as cousas aparente e obxectivamente “boas”, se se impoñen por norma, actúan como cortapisa e anulan a identidade. De aí a importancia de que toda actividade sexa voluntaria, non obrigatoria (non “valga a redundancia”). No hospital de Ourense percorríamos os pasillos antes de cada grupo entoando invitacións, adaptadas a cada paciente, con máis ou menos ímpeto. Era difícil tamén esta parte, quedarse no equilibrio de invitar sen dirixir, ofrecer sen impoñer, animar sen fomentar a obediencia automática, coidar sen absorber, dar autonomía sen abandonar, agardar sen apreixar. É como tirar por unha corda moi fina, que non aperta nin fai dano, pero que tampouco debemos soltar.

Non perdemos de vista que a actividade lle permite ao paciente atoparse consigo mesmo e cos demais. Descubrín co buscador de *Word* que a palabra “actividade” contén a palabra “vida”. Certo é que “o hospital psiquiátrico de

Piñor ten moita vida” (literal). A orientación máis rehabilitadora senta as súas bases, máis que no entretemento (que tamén), na práctica de ferramentas novas para achegarse ao mundo social e cultivar o desexo. En ocasións tamén funciona como fonte de recursos ou estratexias para manexar determinadas situacións; incluída a sintomatoloxía se provoca moito malestar.

Probablemente estaría moi rifado o premio á persoa que alí en Piñor camiña máis quilómetros diarios. Modalidade “voltas por fóra”, modalidade “ao monte cos cans”, modalidade “pasillo”. Nesta última compite duramente M., co seu alto corpo, que en realidade creo que compite coas súas propias voces (esas impositivas, sen delirio, con tanta angustia).

A música tamén vive en Piñor, nas orellas de moitos, tamén no corpo, e algún día ata na boca dalgúns. A E. encántalle bailar, a M. a Kiss FM, X. é DJ e L. rapea en brasileiro. Hai arte, e espazo para o arte. Ao fondo da terceira planta tanto podes “fritir un ovo como pasar o ferro a unha gravata” (si, así, ben feito). Unha boa mostra disto pódese atopar no seu blog: *O candil sen luz*. E, volvendo á música, poderosa onde as haxa, a tradicional galega conseguiu emocionar a B. e soltar a cantar a G. Que marabilla!

Dicía a miña supervisora que o futuro de Piñor será converterse nun refuxio de animais; creo que non vai nada desencamiñada. Os principais protagonistas desta historia son Alma e Curro, dous cans que forman parte do equipo terapéutico do hospital, e que son terapéuticos en si mesmos. Hai varios gatos por alí, escabullidos de Alma, e descubrín uns días antes de irme que tamén hai un peixe, ben bonito e lucido. Alí ata os animais se respectan e parece que adquiren capacidades humanas. ¿Será que algunha psicanalista os trata con terapia cognitivo-condutual nos ratos libres?

Curro é un “fuguillas”, pero sempre agarda por Alma; Alma unha comellona, pero –aínda que estea con “sialorrea”– pode aguantar o que sexa antes de comer o que pertence a Curro. Ah, tamén sospeitamos que Curriño ten algunha pequena manía e é un pouco cabezón, lixeira “potomanía”, pero de coeficiente intelectual vai sobrado, listo coma un allo.

Non me quero esquecer de Menta, que para moitos segue presente na figura de Alma. Algúns atreveríanse a dicir que é un falso recoñecemento, outros considerámolo unha maneira de recordar cunha enorme sensibili-

dade. A Alma non lle importa.

Respecto ao mundo social, Carolina Alcuaz propón que a psicose, máis que estar fóra do discurso, pode corresponder a un discurso alternativo, non establecido; o que non quere dicir que non sexa comunicable. Desde esta óptica, os psicóticos non descoñecen a orde social imperante senón que a cuestionan e reinventan para volvela máis soportable, dando mostra das moitas e variadas maneiras de vincularse cos outros e co mundo. Relaciónanse e establecen lazos cos demais, aínda que de forma especial e diferente. A fin de contas, demostran que é posible establecer vínculos sociais a pesar de faltar os cimentos para iso.

No trato co psicótico hai certas características ou aspectos sociais que nos chaman a atención á par que complexizan a interacción, sobre todo se os vemos cunha mirada neurótica. Entre eles atópase o manexo do segredo e da mentira, ingredientes relevantes do proceso de maduración e individuación, que están alterados na psicose. Os psicóticos teñen dificultades para diferenciar o pensamento íntimo do discurso articulado, de xeito que necesariamente din o que pensan. Isto supón unha desprotección para a propia identidade fronte aos demais e introduce matices na relación interpersonal.

A algún deses nosos grupos levamos un xogo que consistía nun taboleiro con preguntas persoais, ás que chegabamos por medio dun dado. A través dunhas tarxetas o xogo solicitaba a cada un, en segredo, se en cada pregunta tiña que mentir ou dicir a verdade, sendo a tarefa dos demais adiviñar isto. Foi moi divertido, rímonos moitísimo. Apareceu enriba da mesa a relación: cando parece que cada un vive no seu mundo, de repente coñécense, saben que programas ven ou non na televisión, que mascotas teñen, que cousas lles gustan ou que países coñecen. Apareceu a dificultade para mentir, sobre todo para mentir coa suficiente proximidade á verdade como para enganar ao outro. Cando saían mentiras eran mentiras inhábiles, absurdas, fáciles, tamén divertidas:

–“Un obxecto que haxa no teu cuarto”.

–“Un platillo volador”. (Risas).

A implicación terapéutica disto é o necesario coidado e respecto ante calquera mínima mostra de ocultación e simulación por parte do psicótico; entendendo que responde a un intento de gardar parte do seu pensamento

para si, o que é indicativo dun grao de saúde e independencia. De feito, unha das sinais máis claras de curación do psicótico é a capacidade para ocultar a enfermidade, mostrándose reticente á nosa expectación. Pois “só se pode calar cando se dispón de palabras suficientes”. Pola contra, o noso afán de que os pacientes nos digan a verdade e falen na nosa linguaxe é un acto de poder (desa parte negativa do poder, do que logo falaremos) e contribúe a incrementar o seu malestar. Falar non en todos os casos e momentos alivia; é máis, pode levar a reexperimentar a descompensación ao perder a palabra o seu poder de representación e volverse demasiado real. Neste sentido, un bo recurso a empregar na psicose é o humor, coa risa, que relativizan o real e calman a angustia.

Algunha vez descubrinme preguntando, presa a partes iguais das miñas dúbidas e da miña curiosidade –chámalle “x”–, que por que tal paciente non nos contaba aquilo que sospeitabamos que estaba nel e que tanto lle facía sufrir. A resposta da psiquiatra foi, coma sempre, moi esclarecedora: “¿E por que nolo ía contar?”

No psicótico está alterada a comunicación e a relación interpersoal, debido á disociación da linguaxe e ao descoñecemento das leis que rexen a participación do desexo e da sedución. Non contempla o repertorio neurótico de desexar ao outro nin o atrae espertar o desexo dos demais, senón máis ben ao contrario. Sofre en exceso da relación co outro dado que interpreta calquera xesto, mirada ou palabra como unha invasión prexudicial. Sen embargo, pode establecer vínculos nos cales logra diminuír esa tensión co semellante, ou compensar as súas dificultades para as relacións máis próximas dirixíndose a outras máis afastadas na comunidade –por exemplo, a través da creación e a produtividade.

Nos grupos apreciaba un pouco estas particularidades, unha especie de falta de desexabilidade social, ou de déficit na teoría da mente, ou dunha teoría diferente, non sei moi ben o que era. Había quen á hora de rematar o grupo, en punto, se levantaba case automaticamente, interrompendo ou non. Falta(me) dalgún xeito o feedback neurótico, supoño que moitas veces envolto en mentira ou “queda ben”, de transmitir algo agradable con respecto ao acontecido, de enganchar co día posterior, algo. Nada máis lonxe da realidade. Supoño que ten que ver con esa falta no desexar, no seducir (e

tamén con algo meu). Non obstante, dalgunha forma, e grazas a outras miradas, conseguín entrever outro tipo de feedback, que se podería dicir “en especias”, a modo de interaccións espontáneas e risas. Que por un instante un deles saíra do seu ensimesmamento e compartira algo de natureza social co resto do grupo, iso era o terapéutico.

Con respecto ás consultas, algúns pacientes agardan cada mañá o encontro cos profesionais. Entran no despacho, e saen, ás veces sen dicir nada –basta con sentarse alí a vivenciar un anaco de tempo–, outras deixando un cachíño do seu malestar alí pousado ou tirado no despacho. A outras persoas vémolos máis polo corredor, outras no xardín.

Visualizo a J. na bicicleta estática regalándonos o seu “buenos días, maja” ou “hasta luego, maja” cada vez que pasamos por alí, pasemos as veces que pasemos; dunha forma que podería parecer ríxida –bastante–, pero verdadeiramente entrañable. Isto do saúdo recórdame que quizais a palabra que máis dixen en Piñor foi “ola”, cada vez que me cruzaba con alguén, na miña falta de habilidade social. Pero échenseme os ollos de bágoas, pois quizais ese “ola” quería dicir tantas cousas...

Hai persoas coas que te sentas todos os días e semella que non te miran, ou non te ven. Pero o día menos pensado diríxense a ti con toda a –pouca ou moita– naturalidade, pero desa que dá ganas de apresar e preguntar “¿Ti onde estabas?”. Hai cousas que se moven por si mesmas e outras que non se poden mover.

O trato cos psicóticos non se constrúe só co discurso senón tamén manexando os espazos, o contacto corporal e as distancias. Debido á afectación da propia identidade e do proceso de estruturación do corpo, o psicótico manexa mal estes aspectos. No trato persoal establece unha distancia anómala: ou se confunde co outro, nunha simbiose indiferenciada, ou se afasta protexido por unha identidade superficial construída en soidade. Debemos ser precavidos e valorar o momento, o grao de actividade dos síntomas, a afinidade, etc; pois, dependendo destas variables, achegarse ou tocar un psicótico pode ser interpretado tanto como penetrante e intrusivo como acolledor das emocións e reparador. En Piñor puiden observar –de novo coa axuda doutros ollos– que o contacto físico, se se encadra nunha boa relación, axuda a dar consistencia ao corpo desorganizado do psicótico.

Lóxica clínica en cada xesto, si, pero tamén sei que eran mostras de cariño: palmadiñas nas costas, caricias no cóbado, a falta de apertas por mor da “covid”. Así mesmo, no que se refire á distancia mental ou psíquica, marcada polo interese e o desexo, é imprescindible o respecto e a espera paciente para achegarnos sen derribar as defensas nin facer dano.

Respecto ao tempo, no caso do esquizofrénico non é lineal, senón que se atopa detido no presente, atrapado no instante, no que todo coincide e se volve intencional. Sen pasado a memoria é perfecta e sen futuro non hai desexo, o que permite instalar unha verdade que non admite as correccións da historia nin as rectificacións da vida. As casualidades pasan a ser causalidades.

En Piñor tomabamos café, uns máis que outros. Non sabemos se acudían ao taller polo café, polo leite ou polo azucre; pero acudían, pedían, querían, mostraban interese. “¿E o café?”, preguntou N. cando informamos de que nos íamos. E dáme igual que foran polo café. Que privilexio poder compartir ese espazo, pequenas parceliñas de vida, falar e crear lazo social, relacionarnos. Coñecemos máis alá dunha mesa de despacho, compartir un espazo diferente, horizontal. Soaba esa canción de *Cascada* –esa que todos coñecemos pero ninguén sabe como se chama– que R. bailaba mentres a xerra do leite seguía o seu ritmo no microondas. L. achegábase todos os días a desculparse por ese “nada” que fixera que tanto lle doía. En cuestión de segundos A. xa estaba no fondo do comedor botando café para ela, (“Non podo parar quieta”, me dicía), mentres que J. collía a xerra do leite nesa falta de saciedade que tiña. Os máis novos despregaban as súas habilidades musicais e compartíanas (de novo a música). Despois do taller, A., voluntaria eterna, encargábase de que os gatos non quedasen sen leite.

Recordo aquel día no que O., mentres miraba a cafeteira –o café caendo gota a gota–, sorriu e fixo unha broma acerca do café. Sentínome ata orgullosa; “orgullosa”, que quere dicir agradecida dese regalo, desa parte que si que tivo a confianza de mostrarnos. Era o seu espazo, o seu café con dobre de azucre no fondo do comedor.

Así traballabamos, entre conversas distendidas, miradas, música e tragos de café. Como diría un compañeiro psicólogo: “Iremos traballar un pouco, que levamos toda a mañá falando”. Unha das grandezas do hospital de Piñor é esa, poder coñecer ás persoas en diferentes ambientes e no día a

día, substituír o despacho polo pasillo, a rúa, o taller de café ou o de cociña. Os novos espazos favorecen a aparición de formas –distancias físicas– e contidos sociais distintos (e moi ricos –ás veces ata café ou tarta–). Isto leva inevitablemente a que se constrúan relacións diferentes con uns e outros; o que, aínda que nunca debe repercutir na atención, si que o fai no agrado e no pensamento.

O espazo do taller de café era un lugar intermediario, acolledor, regulador e favorecedor da interacción. Ademais, elaborar conxuntamente un obxecto alimenticio que máis tarde se comparte, se incorpora e se desfruta, contribúe a crear un clima colectivo pacífico. Estas e outras dinámicas hospitalarias constitúen para moitos a posibilidade de restituír un tempo e un espazo máis habitables.

Nos grupos tamén nos axudabamos da disposición do espazo, con cadeiras en forma circular, para favorecer a interacción e achegamento entre os pacientes. O día que máis estraña me sentín foi aquel no que estiven toda unha media hora nun grupo no que eu non estaba. Pola disposición do ordenador, onda o que eu me atopaba, oposta á das cadeiras da sala, nas que se sentaron os pacientes sen movelas. Dalgún xeito pasei ese tempo agardando neuroticamente a que movesen a cadeira ou se xirasen para mirarme. Foi raro, pero ao día seguinte mandei a tomar vento o ordenador e as diapositivas.

Os que si axudaban, de novo, eran Alma e Curro, a modo de estímulos transicionais facilitadores da interacción e suavizadores da angustia, fomentando a tenrura. Era raro aquel que non tiña en Alma e Curro o punto de partida para falar daquela mascota que tivo cando era pequeno ou daquela que tiña na súa casa agardándoo, cando non da mascota do fillo ou da filla, ou ata do veciño. Encantábame falar nos grupos de cousas do pasado, rompendo esa inercia do presente; de historias de vida, de tradicións galegas. Canta riqueza, canta relación, canta vida. De igual forma, comprobamos que nas actividades grupais os obxectos tanxibles actúan como mediadores e favorecen a interacción en torno a eles. Permiten aos suxeitos relacionarse de forma máis protexida, menos exposta, dado que o grupo de por si pode ser unha situación de tensión ao sacalos do seu illamento. Ademais, manipular obxectos compromete a dimensión corporal dos participantes.

A través da mirada da miña mestra e compañeira puideron ver moitas cousas

sutís e fermosas. Na terceira planta “faciamos” o grupo de “buenos días”. Co tempo, no noso intento supoño que neurótico de crear un “grupo”, decatámonos por medio do ensaio-erro da importancia dos espazos. Era difícil que C. se movese do seu sofá para ir ao “grupo”, o que nos axudou a darnos conta de que o grupo era iso que xa estaba alí, na sala da tele, cando nós chegabamos. Coma o frío, ¿non?, que din por alí que “non hai que facelo porque xa vén feito”. Os invitados máis especiais e terapéuticos eran Alma e Curro, que conseguían atención, caricias, coidados, miradas e mimos onde nós (criamos que) non conseguíamos nada. Os cans ata lo-graban que, se algún día non ían, preguntasen por eles (¡Guau!). Pero alí íamos todos os martes e xoves á mesma hora, e alí nos esperaban, alí esta-bamos compartindo tempo e espazo. O último día –non sei se foi a música ou a transferencia– C. cambiouse de asento e achegouse para que aquilo parece-se máis un grupo. Porque quizais desde fóra parecía un caos, pero sempre foi un grupo de verdade.

Fálase tamén da sensibilidade especial das persoas con psicose, sensibilidade que eu entendo tanto por perspicacia ou intuición como por vulnerabilidade, e que en ambas dimensións hai que coidar. Por unha parte, o psicótico é capaz de ler no noso interior o máis oculto e inaccesible de nós mesmos; algo que nos pode inquietar, porque ademais provén de alguén de quen non esperamos tanta lucidez. O seu modo de captar –dunha maneira directa e inmediata, sen filtros nin cadeas lóxicas– facilita que se faga consciente de certas verdades inaccesibles aos demais. Ela, a psicóloga, poñíame o exemplo de que, probablemente a diferenza doutras persoas, un psicótico co que nos relacionemos nos pode recoñecer anos despois nun contexto diferente.

Por outra parte, dado que a identidade está danada ou desprotexida dalgún xeito, é susceptible de fragmentarse coa angustia. Aínda que os psicóticos pa-recen refuxiados no seu mundo, son moi vulnerables á opinión allea. Poden sentirse facilmente danados ou perseguidos polo noso interese, ou poñer a re-lación en suspenso por temor ao abandono; véndose en ambas condicións obrigados a illarse para protexerse. Por isto, á hora de achegarnos é importante saber sobre a súa angustia, para non incrementala; sobre a súa distancia, para non invadila; e sobre as circunstancias da relación e os seus mecanismos de defensa, para respectar a súa reserva. De novo ese equilibrio entre promover toda afinidade e amizade, pero sen chegar a pisar terreos delicados.

A nivel terapéutico, iso que en psicanálise chaman “transferencia” vén a ser unha oportunidade inédita e un lugar privilexiado para tratar aquilo que se volve insoportable nas relacións sociais. Implica que a tensión social e a suspicacia que emerxen na psicose se manifestan así mesmo no vínculo entre o paciente e o terapeuta. O manexo clínico require moito coidado e prudencia, pasando por respectar a desconfianza do suxeito, e implica non quedar atrapado nin na persecución nin na erotomanía, evitando formar parte do delirio do paciente. A transferencia debe a súa eficacia ao marco ético no que se integra, que acolle ás alucinacións e aos delirios coa dignidade que merecen e coida por enriba de todo a relación. O principio fundamental a nivel relacional é facilitar que en parte nos coñezan, deixando asomar algo da nosa propia perturbación e debilidade, mostrándonos firmes pero fráxiles, sempre tendo en conta que basta con “serlles útiles ata que chegue a ocasión de serlles prescindibles”.

O propósito terapéutico primordial é a emancipación da persoa, que engloba o respecto do seu propio malestar, a disolución do estigma social e a saída da rede. A solución da psicose nunca pasa necesariamente polos terapeutas, que non somos mais que un apoio ou mediador na relación. Alguén me dicía que isto de facer terapia é como poñer humildes capas de pintura, das cales algunhas quedarán, outras irán caendo e precisaranse novas capas (ou non); e pode ser de axuda aínda que non cambiemos a parede e siga habendo humidades. Neste papel de actores secundarios, o noso cometido comeza por non estorbar, continúa non abandonando, dispónse a favor das necesidades das persoas e remata por ser prescindibles para elas. Din Martín e Colina que moitas veces cando o trato se rompe, mentres nós nos preguntamos que fixemos mal, o paciente elabora o dó con facilidade. Cómpre estar preparados tamén para iso e incluso fomentalo en favor da verdadeira emancipación da persoa.

O mellor “alumno”, sen dúbida, era R., sempre pegado aos “mestres” e afastado dos/polos compañeiros. Resultaba entrañable pero á vez daba unha mágoa inmensa que todos os seus chistes e ocorrencias quedasen nos despachos e non saísen ao “patio”. Marchou sen despedirse, porque todos sabemos que é posible que volva. E danos igual que volva, porque o importante é que saiba que pode volver.

Respecto á famosa “conciencia de enfermidade”, en síntese e na súa esencia é incompatible co concepto de psicose. Dado que a lesión se sitúa na propia subxectividade, é difícil que o psicótico alcance a verse a si mesmo como suxeito que sofre. Por norma xeral os psicóticos cren, ou máis ben saben –con certeza–, que non están enfermos. De feito, é común que digan que son os outros, os seus compañeiros, os que están tolos. Se isto o vemos desde unha perspectiva máis intervencionista, como explica José María Álvarez, parece que os psicóticos prefiren adherirse á enfermidade –quedándose na ausencia de conciencia da mesma– antes que ao tratamento –que avogaríaa pola conciencia de enfermidade–. Parece un trabalinguas porque o é.

Para complicar máis o asunto, é certo que os psicóticos poden chegar a desdoblarse e denominar as súas experiencias, por exemplo, como “delirios” e “alucinacións”, así como recoñecer que están “enfermos”, pero probablemente esas palabras non teñen moito que ver co que nós entendemos polas mesmas. Tamén poden diferenciar algunhas das súas experiencias como “enfermas”, mentres que outras sempre permanecen excluídas da crítica. Nalgunhas ocasións conseguen deixar o delirio un pouco afastado, desactivado, pero latente e sempre á man para retomalo de novo se o nivel de angustia ou de disolución de identidade o requiren. Nash aludía a isto cando dicía que deixara o seu delirio “debaixo da alfombra”.

Moitas veces os “pacientes” chegan a simular dalgunha forma esa “conciencia de enfermidade”, con condutas críticas do delirio que en realidade responden máis a un sentido práctico e socialmente adaptativo de someterse e non levarnos a contraria, que á xenuína aceptación “dun erro no pensamento” (como sostén a psiquiatría e a psicoloxía académica).

Como me dicían por alí, “os pacientes tamén aprenden a ser pacientes”. Triste e inevitablemente así é. Tamén é unha cuestión de espazo e de tempo. Polas mañás, preto dos despachos eran “pacientes” –ás veces un pouco impacientes– centrados na queixa, pedindo axuda, case mortecinos. En cambio, dando un paseo por fóra, no taller do café, un día pola tarde ou unha fin de semana, eran “persoas” con vida falando de forma distendida. O caso paradigmático desta observación para min é o de E.: a máis competente coterapeuta da historia na terceira planta, a angustia feita puerilidade na segunda, a xuventude florecente fóra das paredes do hospital.

Existe polo tanto moita controversia con respecto ao traballo da conciencia de enfermidade, a psicoeducación –deste xeito entendida–, así como á intervención mediante a argumentación ou o razoamento. Non serve de nada confrontar ao psicótico cunha realidade que só el experimenta; como moito arruinaría calquera vínculo posible co profesional. Tampouco tratar de entender, de convencer, de ensinar, ou de levar os síntomas ao noso sentido común. Xa Lacan nos desalentaba do intento de comprender ao psicótico. Parece que este non é o mellor camiño para aproximarnos a el e facernos unha idea do que lle sucede. Esta actuación desenténdese da singularidade de cada un, non respecta a función do síntoma nin a responsabilidade persoal do suxeito, e trata de reducir a súa identidade á categoría de enfermidade, homoxeneizándoo cun colectivo de enfermos.

Na nosa sociedade, a loucura amedrenta, provoca temor, é estigmatizada. Píntannola tan lonxe que pensamos que é algo doutros, algo diferente, imprevisible, que a nós non nos vai envolver. Cando pensamos nun hospital psiquiátrico imaxinamos a loucura deambulando, apesurada, inamovible, anciá, como algo observable e identificable dalgún xeito, aquilo do que un se pode diferenciar. “¿Pero vas para alí? ¿E non tes medo?”, é fácil escoitar. “Non”, nunca pasei medo alí, non máis que o “medo” habitual dunha residente no inicio dunha rotación... ¿ou tamén levaría eu na mochila algún prexuízo de máis?

O que podemos chamar “ameaza” provén da forza do pensamento e da penetración psicolóxica da psicose, que nos pon en contacto coas raíces da nosa vulnerabilidade; pois representa o fallo no encontro coa pulsión que pon en marcha a maduración e a identidade. Podemos falar así de temor á psicose, que está en todos nós, máis que de temor aos psicóticos. Asístanos porque non a entendemos e, á vez, entendémola demasiado. Como expresa Colina, “o tolo é un espello melancólico que nos volve paranoicos se o miramos de fronte”.

Cando nos adentramos no hospital psiquiátrico, vemos (e miramos) máis alá e tratamos de comprender, experimentamos como caen pola borda unha morea de prexuízos que non sabemos nin que tiñamos. Supón coñecer o descoñecido, para ben e para mal. Cando escoitamos un psicótico descubrimos que é unha persoa cunha historia previa e por construír, que

puido –e, nalgún caso, ata pode– traballar, ter fillos, e exercer todas esas actividades que concibimos como vida en sociedade. O primeiro que exclamei tras dar unha volta polo psiquiátrico foi: “Que xoves son”. Probablemente aí estaba actuando a identificación, asustando a identificación. Non son eu precisamente a imaxe da cordura, pero ás veces sorprendíame sorprendéndome por atopar similitudes e cousas en común coas persoas que alí se atopaban. Pode soar “mal” pero é así, porque a quen máis se parece un tolo é a unha mesma. É entón cando nos decatamos do preto que estamos todos tanto da cordura como da loucura, a cal o día menos pensado podemos ver no espello ou na cadeira do lado. Podería dicilo máis claro: o que máis me sorprendeu (e asustou) do hospital psiquiátrico foi a cordura dos tolos.

Na nosa profesión, e desde o lugar de observación privilexiada que nos outorga a residencia, unha faise preguntas e busca respostas en relación á formación, á teoría, ao trato e á práctica clínica. ¿Canto disto e canto daquilo? ¿Cales son os ingredientes? Por unha parte, a intuición, a boa vontade e a espontaneidade, que asumo como algo máis relacionado co que traemos de serie; por outra, a formación, a teoría, e tamén a experiencia. Coa resposta de Colina véñense algo así como “nin tanto nin tan pouco”. Tanto a perspicacia e habilidade (verbal, no trato, etc.), como os coñecementos e marcos conceptuais; ambos conxuntos son necesarios pero ningún deles é suficiente para o dominio profesional. Tal e como relata Carolina Alcuaz, “nin o refuxio no saber pormenorizado sobre os fenómenos psicóticos, nin a risa nerviosa, nin a mirada piadosa, nin a indiferenza, nin a angustia do principiante, nin o ideal heroico de cura, alcanzan para orientarnos na práctica clínica”.

Non se pode tratar un psicótico sen unha teoría ou concepción acerca do malestar que sofre, pois corremos o risco de converternos en simples conselleiros, compañeiros ou figuras paternalistas. Pero tampouco é suficiente con diagnosticar e aplicar tratamentos; pois un punto doutra cousa fai falla para intentar entender a persoa e facerlle o menor dano posible. Traballamos co que escoitamos e vemos da persoa, co que estamos dispostos a ver e a escoitar. De quen máis aprendemos é dos pacientes. Só a través do vínculo podemos chegar a compartir esa realidade subxectiva, e a capacidade de forxar esa relación non a proporciona un título senón a humildade respecto do saber, o esforzo, a presenza e a dispoñibilidade.

Todo isto vai bastante entrelazado nos clínicos aos que tiveron o pracer de ver traballar. Alí, se sobes ao segundo piso pode envolverte un torrente de enerxía e implicación inesgotables, así como de sabedoría, que circula polos despachos do fondo, entre os que transitan paseniñamente Alma e Curro. Mestúrase a mestría clínica coa maior humildade que un se poida imaxinar. Tanta é que as portas están abertas con xenerosidade, ademais de para Alma e para Curro, para aquel paciente ou “residente” (de psicoloxía clínica e demais) que o precise. As intervencións poden ser tan sutís, e /ou os profesionais tan experimentados, que traballan sen que “se note” o que fan tecnicamente, pero sempre tendo presente que, por que e para que se fai. Foi fascinante poder entrever que cada xesto ten unha lóxica na clínica, pois, como na psicose, non hai moitas casualidades.

O que oímos (e escoitamos), o que vemos (e miramos), así como o que entendemos, depende da teoría que nos sirva de explicación, pero tamén da nosa historia persoal, dos nosos prexuízos, etc. Di Colina que “oímos o que a teoría nos permite, e controlamos da nosa práctica o que podemos teorizar”. Son moi gratificantes eses pequenos instantes nos que conseguimos ver nun paciente algo que liches nun libro, ou atopar nun libro algo que viches nun paciente. É algo así como ver algo que logo non podes deixar de ver, non hai volta atrás –como nas matemáticas, cando as pillas e xa está.

Pero non hai que confundir o confiar nunha teoría ou elixila porque encaixe mellor, con crer nela “a ciencia cega” (si, unha parafasia). Se isto sucede, non poderemos ver máis alá da teoría e perderémonos todo o que emerxe na realidade, dado que a clínica é en si mesma unha experiencia que desborda e desmente a teoría. “Se facemos preguntas non obteremos máis que respostas, mentres que se deixamos falar seremos premiados con historias”, Fernando Colina. Formarse é a única maneira de saber que a experiencia do outro é inalcanzable polo noso coñecemento e que debemos deixarlle a el o volante para que nos guíe en como axudalo. Así, e teño que recoñecer que para o meu desgusto, non hai unha receita.

A nivel aplicado e concreto, nos grupos podía experimentar un pouco esta dicotomía (que non o é). Buscaba o equilibrio entre levar algo preparado –material, ideas, obxectivos– e utilizar o que emerxía no propio grupo no momento. Unhas veces íame cara a un lado, ríxida, para controlar, pero

